

412 *LEI ORGÁNICA 2/2000, do 7 de xaneiro, de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de prohibición do desenvolvemento e o emprego de armas químicas. («BOE» 8, do 10-1-2000.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención sobre a prohibición do desenvolvemento, a produción, o almacenamento e o emprego de armas químicas e sobre a súa destrución, feita en París o 13 de xaneiro de 1993 e ratificada polo Reino de España mediante instrumento do 22 de xullo de 1994, publicado no «Boletín Oficial del Estado» do 13 de decembro de 1996, impón, no seu artigo I, un conxunto de obrigas positivas e negativas ós Estados partes e establece, no seu artigo VII, entre as medidas que terán que aplicar os ditos Estados, a necesidade de promulgar as leis penais que sexan precisas para facer efectiva a prohibición das actividades vedadas pola Convención.

A Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, contén nos seus artigos 566 e 567 referencias expresas ás armas químicas, penando de forma concreta a fabricación, comercialización, tráfico e establecemento de depósitos das ditas armas.

Poñendo en relación as actividades prohibidas dimanantes da Convención e as condutas tipificadas como delicto nos referidos preceptos do Código penal, queda patente a insuficiencia da cobertura por estes dos supostos recollidos na Convención, polo que se fai preciso, co obxecto de cumprir coas esixencias derivadas da ratificación da Convención, incorporar ó Código penal a totalidade das condutas prohibidas nela, o que se leva a efecto mediante esta lei orgánica, na que se incorpora un novo número 2 ó artigo 566 para recolle-lo tipo específico relativo ó desenvolvemento de armas químicas, actividade que comprende a investigación ou estudo de carácter científico ou técnico encamiñados á creación dunha nova arma química ou á modificación dunha preexistente; o seu emprego; e a iniciación de preparativos militares para a utilización das ditas armas.

Así mesmo, no artigo 567, precísase o concepto de depósito de armas, na súa vertente de comercialización, de modo que impida a idea dunha comercialización final e deixe claro que o que se penaliza é a utilización de armas, pezas destas, ou substancias químicas, para a formación de depósitos ou para o seu emprego.

Artigo único. *Modificación do Código penal.*

1. O actual artigo 566 do Código penal pasa a se-lo número 1 do dito artigo e incorpórase un novo número 2 coa seguinte redacción:

«As penas recollidas na alínea 1.^a do número anterior imponse as que desenvolvan ou empreguen armas químicas ou inicien preparativos militares para o seu emprego.»

2. Dáselle unha nova redacción ó número 1 do artigo 567 do Código penal, que será a seguinte:

«Considérase depósito de armas de guerra a fabricación, a comercialización ou a posesión de

calquera das ditas armas, con independencia do seu modelo ou clase, mesmo cando se encontren en pezas desmontadas. Considérase depósito de armas químicas a fabricación, a comercialización ou a posesión destas.

O depósito de armas, na súa vertente de comercialización, comprende tanto a adquisición como a venda.»

3. Engádesse un novo parágrafo ó número 2 do artigo 567 do Código penal, coa seguinte redacción:

«Enténdese por desenvolvemento de armas químicas calquera actividade consistente na investigación ou estudo de carácter científico ou técnico encamiñada á creación dunha nova arma química ou a modificación dunha preexistente.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 7 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

413 *LEI 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios («BOE» 8, do 10-1-2000.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas décadas España experimentou un importante proceso de cambio, polo cal os sectores primarios evolucionaron dunha actividade productiva con elevado nivel de autoconsumo, en ciclo cerrado e escasas necesidades tecnolóxicas, a un sistema de relacións económicas dinámico, no cal os sectores primarios se orientan totalmente ó mercado, adaptando as súas producións á demanda deste.

A agricultura e a pesca desenvolven unha actividade biolóxica cunha estreita dependencia do medio natural. Estas condicións comportan a existencia de riscos tanto polo proceso productivo como polo carácter perecedeiro dos produtos, o que supón un elevado grao de incerteza na actividade. Por tratarse de procesos biolóxicos, os ciclos productivos son longos e a produción estacional. Como, ademais, estes produtos son, polo xeral, perecedeiros, a súa oferta presenta rixidez e falta de adaptación á demanda.

A industria transformadora dos produtos agrarios e alimentarios está, pola súa vez, condicionada polas oscilacións de oferta que se dan nos sectores primarios dos que se fornece, o que incide negativamente na adecuada utilización da capacidade productiva.

As especiais características estruturais do sistema agroalimentario fan, por outra parte, difícil o coñecemento das transaccións que os distintos e numerosos operadores realizan, producíndose de feito falta de transparencia no mercado, arredándoo da desexable competencia perfecta.

É neste marco no que hai que situar esta lei de contratos tipo de produtos agroalimentarios. A súa apli-

cación diríxese ó sistema de relacións económicas que denominamos sistema agroalimentario, e o seu obxectivo prioritario é favorecer a transparencia do mercado, mellorando a concorrència nel mediante a fórmula dos contratos agroalimentarios homologados.

Esta lei establece, supeditándose ás normas e principios recollidos na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e ás disposicións reguladoras desta materia no dereito comunitario, uns contratos, que terán a consideración de modelo, ó cal poderán axustarse os operadores do sistema agroalimentario se así voluntariamente o deciden.

A Lei 19/1982, do 26 de maio, sobre contratación de produtos agrarios, establecía un sistema de contratos tipo homologados incluído nun nivel de concertación de acordo interprofesional ou colectivo, que hoxe perdeu a súa razón de ser coa entrada en vigor da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, modificada pola disposición adicional primeira da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na que as organizacións interprofesionais agroalimentarias alcanzan a súa máxima expresión.

A Lei 19/1982 promulgouse anos antes da nosa adhesión á Comunidade Económica Europea, e ten como obxectivos o impulso da autorregulación dos sectores e o fomento do asociacionismo, primando o diálogo e a concertación de cara a acadar un certo grao de organización interprofesional, para os que as relacións contractuais non eran senón un instrumento conxuntural para cada campaña ó servizo dos obxectivos prioritarios.

Coa adhesión española á Comunidade Económica Europea, precisouse dunha norma específica en materia contractual que permitise a correcta actuación naqueles sectores nos que as organizacións comúns de mercado dispuñan de mecanismos baseados na existencia de contratos. Mediante o Real decreto 2556/1985, do 27 de decembro, polo que se regulan os contratos de compravenda de produtos agrarios recollidos na Lei 19/1982, establecíase que, en ausencia de acordo interprofesional ou colectivo, se puidesen homologar contratos tipo cos beneficios establecidos na Lei 19/1982, o que supuña, de feito, limita-lo contido da propia lei que desenvolvía.

Ó ter aplicación o disposto no Real decreto 2556/1985, foi necesario adapta-la normativa contractual cun elevado número de disposicións. Así, para regular procedementos de homologación, promotores dos contratos, axudas, comisións de seguimento, equiparación destas ós centros xestores, o seu réxime xurídico, rexistro e publicación de contratos, etc., desenvolvéronse sete reais decretos, doce ordes ministeriais e unha resolución.

A experiencia acumulada nos anos de aplicación da Lei 19/1982, puxo de manifesto a necesidade de contar cun mecanismo de homologación de contratos que nalgúns sectores se revelou como un instrumento fundamental para o seu desenvolvemento. Agora ben, esa mesma experiencia puxo de manifesto que o sistema establecido na citada lei era susceptible de mellorar, tanto na simplificación do proceso como nas súas garantías.

Esta lei regula o contrato agroalimentario de forma independente dos acordos interprofesionais ou colectivos, establecendo, sen embargo, a necesaria relación coa normativa de organizacións interprofesionais agroalimentarias. Establece o procedemento para a súa homologación, fixando a necesidade de comproba-la súa posibilidade, a súa transcendencia e a refire do sector como elementos precisos para iso.

As comisións de seguimento configúranse como entidades con personalidade xurídica e carácter representativo ás que se lles encomenda o seguimento, promo-

ción, vixilancia e control dos contratos agroalimentarios homologados. Dada a súa importancia no correcto funcionamento do réxime contractual, regúlanse aqueles aspectos para o seu bo fin.

Así mesmo, prevense mecanismos de colaboración entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas co fin de ter un sistema de información sobre os contratos tipo agroalimentarios homologados.

O carácter simplificador desta norma, en relación coa normativa derogada, queda patente nas cláusulas que se esixen nos contratos e no sistema previsto para resolver-las controversias.

A comunidades autónomas, en virtude da competencia que lles atribúe o artigo 148.7 da Constitución e os seus respectivos estatutos, regularán esta materia no seu ámbito territorial. O Estado, en virtude do disposto no artigo 149.3 da Constitución, regula os contratos tipo de produtos agroalimentarios de ámbito superior ó dunha comunidade autónoma.

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta lei é regula-la homologación dos contratos tipo agroalimentarios cun ámbito de aplicación que se estenda a máis dunha comunidade autónoma.

Artigo 2. *O contrato tipo agroalimentario.*

1. Para os efectos desta lei enténdese por contrato tipo agroalimentario aquel que se refire a operacións de tráfico comercial de produtos no sistema agroalimentario e obtén a homologación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Este contrato tipo homologado terá a consideración de modelo, ó cal poderán axustalos seus contratos, sometidos ó dereito privado, os operadores do sistema agroalimentario.

2. Enténdese por sistema agroalimentario, para os efectos do establecido nesta lei, o conxunto dos sectores productivos agrario e pesqueiro, así como os de transformación e comercialización dos seus produtos.

3. Poderá ser obxecto de contrato tipo agroalimentario calquera produto agroalimentario.

4. Só se poderá homologar un contrato tipo agroalimentario por produto. No caso de diferenciacións por orixe, destino final ou calidade do produto, poderán existir tantos contratos tipo como mercados específicos orixinen estas diferencias.

Artigo 3. *Contido dos contratos tipo.*

Os contratos tipo agroalimentarios, para seren homologados, deberán incluír, polo menos, as estipulacións relativas a:

- a) Identificación das partes contratantes.
- b) Prazo de vixencia do contrato.
- c) Obxecto do contrato tipo, definindo claramente o produto, a cantidade, a calidade, a presentación e o calendario e lugar de entrega e calquera outro aspecto relativo á posición comercial.
- d) Prezos e condicións de pagamento; o prezo que se perciba será libremente fixado polas partes signatarias do contrato.
- e) Forma de resolver-las controversias na interpretación ou execución do contrato tipo.
- f) Facultades da comisión de seguimento e, de se-lo caso, referencia ás achegas económicas que poida recadar esta.

Artigo 4. *Comisións de seguimento.*

1. As comisións de seguimento gozarán de personalidade xurídica privada e carecerán de ánimo de lucro; terán carácter representativo e composición paritaria entre as partes proponentes dos contratos tipo. Corresponderá ás citadas comisións o seguimento, promoción, vixilancia e control do contrato tipo homologado, remitindo ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, anualmente, os datos de contratos e calquera outra información relevante requirida por este.

2. Cando o contrato tipo agroalimentario sexa proposto por unha organización interprofesional agroalimentaria, a comisión de seguimento será designada por esta no seo da propia organización interprofesional.

3. Poderanse establecer subcomisións para un único contrato tipo agroalimentario en distintos ámbitos territoriais, se as circunstancias do mercado o fan conveniente.

4. Se cómpre, as comisións de seguimento poderán reclamar achegas económicas dos signatarios dos contratos axustados ó contrato tipo para cubri-los seguintes gastos:

- a) Os xerados pola xestión administrativa das comisións de seguimento.
- b) O de accións que incidan directamente na mellora da calidade dos produtos, na súa normalización, acondicionamento e envasado, sempre que supoña unha elevación na esixencia da normativa vixente.
- c) Os de accións que incidan na mellor protección do medio ambiente.
- d) Os de accións que melloren a información e o coñecemento sobre as producións e os mercados.
- e) Os de accións promocionais que redunden en beneficio do sector ou produto correspondente.

5. As comisións de seguimento que recaden achegas económicas deberán someter a auditoría externa as contas anuais e o informe de xestión do exercicio no que percibiron cantidades polos conceptos expresados, nos termos establecidos pola Lei 19/1988, do 12 de xullo, de auditoría de contas, e as súas normas de desenvolvemento. Os resultados da citada auditoría deberán ser remitidos ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no prazo que regulamentariamente se determine. Os auditores de contas serán nomeados pola comisión de seguimento.

Artigo 5. *Solicitude de homologación.*

1. Poderán solicita-la homologación dun contrato tipo agroalimentario as organizacións interprofesionais recoñecidas. Así mesmo, poderana solicita-las organizacións representativas da produción, por unha parte, e da transformación e comercialización, por outra, e, en defecto destas últimas, as empresas de transformación e comercialización.

2. A solicitude de homologación dirixirase ó órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e deberá acompañarse dunha proposta de contrato tipo, unha memoria xustificativa e o compromiso de constituí-la comisión de seguimento no prazo que se determine regulamentariamente, unha vez homologado aquel.

3. No caso de que a comisión de seguimento, ó abeiro do contrato tipo que se pretende homologar, vaia reclamar achegas económicas, deberá xuntarse unha memoria complementaria na que se indique:

- a) Contía das achegas que se van reclamar.
- b) Destino delas, con indicación expresa do orzamento das accións que se van desenvolver.

4. Cando o contrato tipo vaia te-la súa aplicación nunha campaña determinada, a solicitude deberá presentarse, antes do inicio da campaña, no prazo que regulamentariamente se determine.

Artigo 6. *Instrucción do procedemento.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación analizará a viabilidade do contrato tipo proposto, a súa transcendencia e a non-perturbación do sector. En todo caso deberá existir un acordo entre, polo menos, unha parte que represente a posición vendedora e unha parte que represente a posición compradora.

Artigo 7. *Resolución.*

1. Correspóndelle ó órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación resolver sobre a homologación dos contratos tipo agroalimentarios cun ámbito de aplicación que se estenda a máis dunha comunidade autónoma.

No caso de que unha determinada comunidade autónoma considere que a aplicación do dito contrato tipo lle afecta de maneira importante, poderá remitir ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación un informe previo á resolución de homologación.

2. A resolución de homologación dos contratos tipo agroalimentarios conterà necesariamente o prazo de vixencia da homologación.

3. Cando o contrato tipo agroalimentario teña aplicación para unha campaña determinada, a súa homologación efectuarase con anterioridade ó inicio da campaña.

Artigo 8. *Procedemento especial de homologación.*

Para os produtos con organización común de mercado na que se condicione a obtención de beneficios previstos nela á celebración dun contrato e cando se presenten varias solicitudes con propostas discrepantes, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá proceder a homologar un contrato que conteña, polo menos, as cláusulas esixidas pola organización común de mercado correspondente.

Artigo 9. *Prórroga da homologación.*

1. A homologación do contrato tipo agroalimentario poderá ser prorrogada.

2. Correspóndelle á comisión de seguimento solicita-la prórroga da homologación, que se dirixirá ó órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Na solicitude de prórroga da homologación indicaranse as modificacións que se deberán efectuar, se é o caso, sobre o contrato tipo homologado que termina a súa vixencia. Tales modificacións só poderán estar referidas á actuación de datas e circunstancias unidas a estas da nova campaña e a modificacións na regulamentación que afecten o sector de que se trate.

3. Correspóndelle ó órgano competente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación resolver sobre a concesión da prórroga, determinándose, en cada caso, o prazo de vixencia da prórroga da homologación.

Artigo 10. *Controversias.*

As partes subscribentes dos contratos axustados ó contrato tipo solicitarán da comisión de seguimento unha solución ás diferencias que xurdan na interpretación ou execución dos contratos tipo agroalimentarios ou nas cláusulas de penalización que neles se inclúan.

No caso de que a comisión de seguimento, no prazo e forma que regulamentariamente se estableza, non lograse unha solución ó conflito, ou no caso de discrepancia coa solución proposta, as partes poderán recorrer á arbitrase. O procedemento arbitral será o establecido na Lei 36/1988, do 5 de decembro, de arbitrase.

Artigo 11. *Infraccións e sancións.*

1. Serán infraccións moi graves:

a) A aplicación das achegas económicas a destinos distintos dos contidos na memoria complementaria a que se refire o artigo 5.3.b).

b) Acordar ou realizar, a comisión de seguimento, actividades con ánimo de lucro.

2. Serán infraccións graves:

a) Non constituíren os propoñentes do contrato tipo homologado a comisión de seguimento no prazo regulamentariamente previsto.

b) Non cumprir todos ou algún dos fins da comisión de seguimento.

c) Non realiza-la auditoría externa establecida no artigo 4.5.

3. Serán infraccións leves:

a) Non remitir ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dos resultados a auditoría externa no prazo regulamentariamente establecido.

b) Non remitir ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos establecidos no artigo 4.1.

4. As infraccións enumeradas nos números anteriores darán lugar á imposición das seguintes sancións:

a) Por infraccións moi graves sancionárase con multas do duplo ó triplo da contía destinada ás accións obxecto da infracción e, en ningún caso, inferior a 5.000.001 pesetas.

b) Por infraccións graves sancionárase con multas de 100.001 a 5.000.000 de pesetas.

c) Por infraccións leves sancionárase con apercibimento ou con multas de ata 100.000 pesetas.

5. Os criterios para a graduación da sanción que se deba aplicar serán os que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12. *Procedemento sancionador. Órganos competentes.*

1. A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Corresponderalle ó director xeral de Alimentación a iniciación do procedemento sancionador.

3. Serán competentes para a imposición das sancións os seguintes órganos:

a) Por infraccións moi graves, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Por infraccións graves, o secretario xeral de Agricultura e Alimentación.

c) Por infraccións leves, o director xeral de Alimentación.

Disposición adicional primeira. *Deber de colaboración.*

Os contratos tipo agroalimentarios homologados polas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias serán comunicados ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. Pola súa vez, este comunicarlles ás comunidades autónomas aqueles que homologue que afecten o seu ámbito territorial.

Disposición adicional segunda. *Organizacións interprofesionais agroalimentarias.*

Modificación da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, nos seus artigos 3 e 12.

1. Modifícase o artigo 3, engadíndolle a letra h), coa seguinte redacción:

«h) Elaboración de contratos tipo compatibles coa normativa comunitaria.»

2. Modifícase o artigo 12 (tipificación de infraccións), que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 12. *Tipificación de infraccións.*

As infraccións administrativas do disposto nesta lei clasificaranse en leves, graves e moi graves:

1. Constituirán infraccións leves as seguintes:

a) A demora inxustificada no envío ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de calquera dos documentos mencionados no artigo 6 desta lei.

b) O incumprimento no pago da achega económica debida ás organizacións interprofesionais agroalimentarias, polos produtores e operadores implicados, nos supostos de extensión de normas aprobadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando a contía non exceda de 1.000.000 de pesetas.

2. Constituirán infraccións graves as seguintes:

a) A comisión, no termo dun ano, de máis de dúas infraccións leves, cando así fose declarado por resolución firme.

b) Non remitiren ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as organizacións interprofesionais agroalimentarias, os acordos adoptados no seu seo, tal como se establece no artigo 7 desta lei.

c) O incumprimento no pagamento da achega económica debida ás organizacións interprofesionais agroalimentarias, polos produtores e operadores implicados, nos supostos de extensión de normas aprobadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando a contía supere o 1.000.000 de pesetas e non exceda de 4.000.000 de pesetas.

3. Constituirán infraccións moi graves as seguintes:

a) A comisión, no termo dun ano, de máis dunha infracción grave da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

b) Desenvolver actuacións que teñan unha finalidade distinta das establecidas no artigo 3 desta lei.

c) Aplica-lo réxime de achegas económicas por extensión de normas establecido no artigo 9 desta lei en termos distintos ós contidos na correspondente orde ministerial de aprobación.

d) Tomar acordos que fragmenten ou illen mercados ou discriminen axentes económicos afectados.

e) Interferi-lo bo funcionamento das organizacións comúns de mercado.

f) O incumprimento no pagamento da achega económica debida ás organizacións interprofesionais agroalimentarias, polos produtores e operadores implicados, nos supostos de extensión de normas aprobadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando a contía exceda de 4.000.000 de pesetas.»

Disposición transitoria única. *Validez dos contratos tipo homologados.*

Os contratos que fosen homologados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, seguirán regulándose polo disposto na Lei 19/1982, do 26 de maio, sobre contratación de produtos agrarios, e normativa concordante ata esgota-lo prazo para o que foron homologados.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Derróganse a Lei 19/1982, do 26 de maio, sobre contratación de produtos agrarios; o Real decreto 2707/1983, do 7 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 19/1982; o Real decreto 2556/1985, do 27 de decembro, polo que se regulan os contratos de compravenda de produtos agrarios recollidos na Lei 19/1982, así como tódalas demais normas que as desenvolven.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xaneiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

414 LEI 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais. («BOE» 8, do 10-1-2000, e «BOE» 33, do 8-2-2000.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1

A existencia dun sistema de protección do dereito dos obtentores de variedades vexetais ten un impacto positivo na economía nacional en xeral e no sector agrícola en particular, que se concreta no estímulo da investigación e o consecuente incremento dos recursos privados destinados a esta actividade, o que facilitará o acceso dos agricultores ás novas tecnoloxías, mellorará a produtividade das explotacións e, en definitiva, provocará un aumento da concorrencia dos nosos produtos e da renda dos agricultores.

Ata agora, o sistema de protección dos obtentores atopábase recollido no Convenio Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais do 2 de decembro de 1961, aprobado no seo da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV), subscrito

e ratificado polo Reino de España, e na Lei 12/1975, do 12 de marzo, de protección de obtencións vexetais inspirada en gran medida naquel.

2

As razóns que xustifican a aprobación dun novo marco xurídico nacional de protección dos obtentores obedece a dúas razóns fundamentais:

En primeiro lugar, resulta necesario adapta-la normativa nacional a un marco xurídico internacional cambiante. Por unha banda, o Convenio internacional da UPOV foi revisado en sucesivas ocasións; as reformas introducidas polos convenios do 10 de novembro de 1972 e o 23 de outubro de 1978 foron incorporadas ó ordenamento xurídico nacional, sen embargo, o Convenio do 19 de marzo de 1991 introduciu novidades que resulta preciso recoller na lexislación nacional.

Por outra banda, a Unión Europea dotouse dun sistema de protección propio mediante o Regulamento (CE) 2100/94, do Consello, do 27 de xullo, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais. Non obstante, o artigo 3 deste regulamento (CE) recoñece o dereito dos estados membros da Unión Europea a «conceder dereitos de propiedade nacionais sobre as variedades vexetais», aínda que prohíbe expresamente a dobre titularidade de dereitos, nacionais e comunitarios. O Estado español opta polo establecemento dun sistema de protección propio, aínda que harmonizado coa normativa comunitaria; neste sentido, debe terse en conta que o dereito comunitario remite á lexislación nacional tódalas cuestións que poden suscitarse con motivo das accións xudiciais por infraccións a tal dereito.

En segundo lugar, os recentes avances en materia de biotecnoloxía e a enxeñería xenética, que aceleraron os procesos de obtención de variedades e a experiencia adquirida nos últimos vinte anos, fan necesario e, por suposto conveniente, proceder a modifica-la lexislación vixente para poñela en liña con tódolos países industrializados, no só da Unión Europea senón doutros continentes.

3

Esta lei ten como obxectivos fundamentais, á parte da adaptación á normativa internacional, reforza-la protección dos obtentores e mellora-lo funcionamento da Administración pública no exercicio das funcións relativas á materia regulada por esta lei.

O reforzamento dos dereitos dos obtentores lograse mediante unha regulación máis precisa e tecnicamente perfecta das facultades que lles confire o título de obtención vexetal, así como a ampliación da duración da protección para tódalas especies vexetais, o que incentivará a investigación neste campo. Concretamente, as principais novidades desta lei son as seguintes:

En primeiro lugar, define con maior precisión as facultades dos obtentores relativas á explotación das súas variedades protexidas, determinando con claridade as actuacións de terceiros relacionadas coa súa variedade que requiren a súa autorización e reforzando as accións para perseguir aqueles que prescindan dela.

En segundo lugar, define con claridade a denominada «excepción do agricultor», que se refire a aqueles supostos nos que os agricultores poderán utiliza-lo material vexetal producido nas súas propias leiras para o seu uso nelas, sen necesidade de autorización do obtentor da variedade utilizada ou de realizar contribución económica a el.

Ademais da excepción do agricultor, clarifícanse algunhas excepcións ó dereito do obtentor que antes